

Día Internacional do Voluntariado 2018

MANIFESTO

Hoxe, conmemoramos o Día Internacional do Voluntariado. Celebración que ten lugar o 5 de decembro, por decreto da Asemblea Xeral das Nacións Unidas (Resolución 40/212 do 17 de decembro de 1985).

Este ano, o Concello e a Universidade queren agradecer de antemán a vosa implicación e dispoñibilidade nos diferentes espazos e actividades posibles (solidarias, sociais, medio ambientais, culturais...) estando presentes nos diferentes ámbitos da sociedade e do voluntariado que vos propoñemos e nos propoñedes; atendendo á diversidade, tanto das persoas voluntarias como das necesidades da cidade e da comunidade universitaria. Por todo isto, queremos pór en valor a vosa acción, xa que dades o mais valioso que tedes, o voso tempo, colaborando en accións que son un instrumento transformador e que mellora e fai cidade.

Dende aquí, hoxe e sempre, queremos estender este impulso transformador a toda a cidadanía, dende as idades máis temperás, para ir afianzando dende os primeiros anos o valor do compañeirismo, a solidariedade e a participación cidadá; e sendo a Universidade, a culminación, e o cénit, deste proceso.

Nesta data, tamén queremos ter en conta, pola súa realización con varios dos ámbitos do voluntariado existentes, a Axenda 2030 (adoptada pola Asemblea Xeral da ONU no 2015), sendo o primeiro plan de acción a nivel planetario que, conectando o ámbito “global” e “local”, procura rematar coa pobreza, acadar a igualdade de xénero, conseguir un desenvolvemento económico sostible e respectuoso co planeta, e fortalecer a paz universal e o acceso á xustiza.

A nosa cidade quereuse unir a esta celebración porque Vigo debe aspirar a se converter na, “conciencia do mundo”, nunha cidade sensible, participativa e solidaria que aposte polo voluntariado como principal axente de construción dunha sociedade e un mundo máis xusto.

Aproveitemos a conmemoración do Día Internacional do Voluntariado para reivindicar e homenaxear a aquelas persoas voluntarias que dedican o seu tempo aos demais. Pero tamén aproveitemos este día para concienciar aos nosos veciños e veciñas de que a súa achega individual cambia o mundo.

Por todo isto, o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo convidan á cidadanía viguesa a participar nas actividades de conmemoración do Día Internacional do Voluntariado.

¡¡FELIZ DÍA DO VOLUNTARIADO!!
VIGO, CONCIENCIA DO MUNDO